

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER (8 DE MARZO 2024)**

O Concello de Mugaros, súmase á celebración do **Día Internacional da Muller no 8 de marzo**, á vez que reafirmamos o noso compromiso diario pola loita da igualdade plena das mulleres, unha igualdade que por desgraza aínda haberá que seguir reivindicando.

Dende que foi instaurado no ano 1952 como Día Internacional das Mulleres, conmemorando as folgas e loitas que reivindican a igualdade laboral, económica, política e social téñense conseguido grandes cambios cara unha sociedade máis igualitaria, mais o camiño aínda debe continuar.

Non podemos obviar que na nosa sociedade todavía hai moitas desigualdades que afectan as mulleres, agravando tamén aquelas que se producen segundo a idade, cultura, etnia, orientación sexual ou país de procedencia.

É precisamente esta desigualdade e a histórica loita das mulleres a que nos moven no traballo diario e coas que declaramos un compromiso firme cara:

- Promover relacións igualitarias tanto dentro das administracións como na cidadanía
- Erradicar a violencia contra as mulleres
- Recoñecer e reparar as vítimas de violencia de xénero
- Promover a igualdade de oportunidades das mulleres na vida laboral
- Facilitar espazos e recursos para desenvolver programas e iniciativas para o empoderamento das mulleres.
- Artellar espazos de creación, escoita e compromiso dos homes como factor determinante de concienciación e compromiso coa igualdade efectiva.

No benestar das persoas conflúen unha serie de variables que operan de xeito interrelacionado. Por iso, como establece a Organización Mundial da Saúde (OMS), a saúde debe abordarse desde un enfoque integral que considere os

factores biolóxicos pero tamén os factores sociais e psicolóxicos. E neste sentido, o xénero constitúe un factor determinante en tanto que o benestar e a calidade de vida das persoas se ven determinados polas distintas posicións, roles sociais, dereitos, etc.

Doutra banda, debemos consolidar os recursos de atención ás mulleres, tanto para a atención aos problemas de saúde prevalentes na poboación feminina, como aqueles asociados aos dereitos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva e coa maternidade.

A provisión destes recursos, ademais do factor xénero, deben ter en conta a diversidade e as necesidades específicas dalgunhas delas, como as mulleres maiores, as mulleres con discapacidade, as mulleres inmigrantes, etc., de xeito que os servizos e a información se adapten a cada particularidade.

Procuremos unha sociedade na que impere o modelo coeducativo enfocado á ruptura dos estereotipos de xénero así como valores como o respecto á igualdade e á diversidade.

É o momento de sumar esforzos e seguir traballando conxuntamente para conseguir que a igualdade sexa unha realidade todos os días das nosas vidas.

Entendemos que a igualdade é o camiño para conseguir un mundo máis igualitario, próspero e sostible a todos os niveis. E así é como queremos vivir.

O día 8 de marzo terá lugar un acto ás 12::00 horas na praza do Concello donde se dará lectura á Declaración Institucional do 8M; dito acto será aberta ao público en xeral.